

Onstopus

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº128/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de xullo/ Estado de vacacións de verán

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Club de Buceo Ons, nunha limpeza dos fondos mariños de Ons no ano 2023. dentro do proxecto "PlasticNons". Páx. 1



1º Premio do Concurso Fotográfico sobre temática auniense. Páx. 2




Que non nos cambien a cor da camiseta da "Illa é Nosa" Páx. 3



Necesaria investigación sobre as pedras do celeiro do piorno do sur de Canexol. Páx. 3



Esperemos que para o ano, teñamos en Ons o mesmo número de Campos de Voluntariado que en Cíes. Páx. 4



Adeus á mellor percebeira de Ons. Páx. 5



Necesaria Educación Ambiental en Ons. Páx. 4



As navieiras asustadas, Carrillo ía traer o barco de Chanquete e agora un submarino, para viaxes a Ons. Páx. 6




Que pasa co radar de Ons? Páx. 6

Páxina Enogastronómica
Que mal vivimos en Ons!!! Páx. 7



Resumo das obras en Ons e cousas a arranxar. Páx. 8



ACTIVIDADES NO PARQUE NACIONAL

“Limpeza de fondos mariños en Ons. CLUB DE BUCEO ONS”

A principios do mes de xuño, tivo lugar na Illa de Ons unha actividade promovida polo **Club de Buceo Ons** que consistía na “*retirada de residuos no entorno submarino e contribuír na mellora do estado ambiental da zona*”. Pois, segundo afirman: “*A protección do medio mariño resulta esencial para preservar o seu equilibrio ecolóxico*”. En definitiva, argumentan que: “*Esta intervención representa unha aportación positiva á preservación dos ecosistemas mariños e á conservación dun espazo protexido de alto valor ecolóxico*”.

O medio mariño necesita unha enorme protección, non só de retirada de residuos, que é importante, senón de estudos sobre as súas problemáticas, buscar o por que delas, intentar solucionarlas,..., co fin de protexer este medio e a súa biodiversidade.

Nunha das últimas reunións do Padroado do Parque Nacional, o Patrón Maior de Bueu intentou pedir que se investigara o por que as rochas de Ons están sen vida. Incrivelmente, o Presidente deste organismo, daquela, non lle permitiu seguir coa palabra, cousa grave, que sempre da pé a especulacións negativas sobre a actuación da administración.

É por iso, que estas iniciativas do Club de mergullo como o de Ons, cuns obxectivos claros de actuación: “*Retirar residuos, protexer a biodiversidade, fomentar a conciencia ambiental, colaborar co Parque Nacional e contribuír á conservación deste Parque*.” No que se refire ao Medio Mariño, son actividades que hai que aplaudir e fomentar.

Esta actuación, tivo lugar nunha zona “a carón do peirao e Praia das Dornas”, importante por ser un espazo de atraque de todo tipo de embarcacións, sobre todo de pesca e pasaxeiros, onde, quizais noutros tempos máis que agora, se realizaban faenas de limpeza de aparellos, onde os efectos dos temporais poden guindar materiais do peirao ao mar, caída de diversidade de obxectos ao intentar pasalos dos barcos ao peirao,..., e un longo etc, aínda que, principalmente, van ser aparellos de pesca os que máis vanse atopar e que, por desgraza, poden influír negativamente: <Unha rede perdida, por calquera motivo, pode seguir pescando, ao quedar enganchada no fondo, durante un bo período de tempo, causando un importante impacto ambiental>.

Os nosos PARABÉNS para este Club de Mergullo e que ogallá sigan actuando neste senso por toda a contorna desta Illa.

FOTOS: Club de buceo Ons.

UNHA PETICIÓN AO <CLUB DE BUCEO ONS>

En marzo de 2025, este Club de mergullo realizou unha experiencia moi interesante, no que se refire a limpeza de fondos mariños, pois, nunha zona da ría de Aldán, onde soen fondear barcos de recreo, comprobaron que eses fondos atopábanse cunha importante masa de residuos, case seguro, como resultado deses fondeadoiros.

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2025/03/16/fondos-marinos-arneles-basura-zostera-115332996.html>

A petición que fago ao Club de Buceo Ons, é que realicen un estudo sobre os fondos mariños dos lugares de fondeo da ría de Pontevedra, como fixeron en Aldán, para examinar o grao de limpeza dos fondos desas zonas, pois, as cabichas, os sobrantes de comida para alimentar aos peixes, botellas baleiras, plásticos e microplásticos,..., o baleirado de WC mariño, cremas, xampús,..., que se disolven no mar,..., e un longo etc., e así comprobar, se ese turismo Vip, para certos alcaldes, son tan limpos como din.

UNHA EXPERIENCIA PROPIA

A carón de coñecer a importantísima comunidade auniense e a súa cultura popular, outra cousa que me levou a Ons no ano 1975 foi a práctica do meu deporte preferido, a pesca submarina. Podo dicir que a practiquei por toda a contorna da illa, pero normalmente facíao entre o peirao e a zona de Pereiró, cara ao sur.

Un día, un compañeiro que acababa de chegar, pediume que, si me botaba ao mar pola cara norte do peirao, podía facerlle o favor de buscarlle unhas gafas que, ao saltar do barco de pasaxe ao peirao, caéronlle á auga, pois as levaba no peto da camisa. Intentaba sempre non entrar ao mar por aí, xa que había un enorme trasfego de barcos de pesca, pasaxe e recreo, pero fíxeno e, ao día seguinte fun coa idea de ir pescar cara a Melide. Achegouse ata o peirao e eu fun nadando ata a zona onde atracaba o Azor (barco de Pancho). Ao chegar a carón da escaleira, e aínda que había moita alga laminaria que non permitía ver o fondo, mergulleime, e movendo as algas, quedei abraído da cantidade de material que alí había, sobre todo botellas. Entre as algas busquei e atopei unhas primeiras gafas, pero non eran, volví a mergullarme e outras,..., podo asegurarlles que **case monto unha óptica**, entre as diferentes tipos de gafas que atopei. Lóxico, se as levaban no peto da camisa, ao saltar do barco era normal que caeran. Páx. 1

CURSO E CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN ONS


Como xa informaba no anterior Onstopus, a fin de semana do 13 de xuño tivo lugar en Ons un curso de fotografía impartido polo fotógrafo Brais Lorenzo e, paralelamente, os que asistiron a esa actividade, participaron nun concurso fotográfico. Segundo parece, foi moi interesante e os participantes saíron moi satisfeitos do aprendido, contando á vez cunha fin de semana espléndida.

As fotografías gañadoras foron: 1º Premio para Elena, 2º Premio para Ali e 3º Premio para Lourdes.

Agora, segundo a organizadora do evento, Grupo Acuña, as fotografías presentadas estarán expostas no seus locais da Illa durante o verán.



Primeiro Premio. Elena



Segundo Premio. Ali



Terceiro Premio. Lourdes

Todas as fotos do concurso parécenme moi interesantes e traballadas. A proposta que levaban era: “Unha invitación a retratar a Illa, **non** como un destino turístico, **senón** como un territorio coa súa xente, oficios, luz e silencio.”


A carón das premiadas, houbo dúas que me encantaron e que, perfectamente, cumprían coa proposta.

A primeira foi realizada por Noemí no interior do Faro de Ons, na escaleira de caracol que conduce á lámpada e que no centro vese unha ventá cun precioso floreiro. Esta foto indica un oficio (fareiro), un espazo (o Faro), unha luz (a venta) e o silencio (por medio da escuridade).

A segunda, realizada por Roi, indica un territorio (Ons), representa aos seus veciños (Juan Reiriz) e un oficio (mariñeiro), cun primeiro plano que expresa salitre, sol e traballo.

Como xa comentara no anterior Onstopus, unha actividade moi interesante dentro do Parque Nacional promovida polo Grupo Acuña.

Fotos: Expostas co permiso da organización.



ACTIVIDADE NO PARQUE NACIONAL

Temos en Galicia un Parque Nacional único cun mundo de experiencias que podemos vivir nel con sentidiño e preservando a súa importante biodiversidade e riqueza cultural. Os encargados da súa xestión teñen a obriga de conseguir que o importante, non sexa o número de persoas que o visitaron ao cabo do ano, senón que esas persoas acudan ás illas que conforman o Parque para enriquecer os seus sentidos, a súa cultura, os seus coñecementos,..., con actividades promovidas polos seus xestores.



Hai uns días, na casa dun amigo, vimos en facebook unha serie de fotos, creo que foi en “yo también soy de Bueu”, no me fagan caso, pero creo que si, sobre a Illa de Ons. Chamoume a atención que eran fotos, algunhas, de Staffant Mörling, que, orixinalmente, eran en branco e negro, pero saían coloreadas e, teño que recoñecer, que moi ben conseguidas. Pero houbo unha que chamoume a atención, era a de Cesáreo que vestía unha camiseta reivindicativa, xa moderna e

que, tamén orixinalmente, era en azul mariño, sen embargo na foto, saía de cor marrón, cousa que chamoume a atención, xa que as fotos realizadas con esa camiseta eran a cor, co que non facía falla coloreala.

De todos os xeitos a páxina está moi ben, supoño que os propietarios da fotos ou a súa familia, deron permiso para reproducila e coloreala, pero coido que estarían moito mellor que se puxera a orixinal en branco e negro e paralelamente a coloreada.



A ILLA DE ONS HISTÓRICA-ARQUEOLÓXICA

A comunidade auniense naceu como agricultora, aínda que máis tarde a súa economía virou cara ao mar e a pesca. Tiñan que pagar unha renda agrícola aos donos, e esta, nun principio, facíase con produtos agrícolas, especialmente millo.

O Marques de Valladares, construíu, na banda de atrás da Casa Agrícola que tiña en Canexol, dous grandes piornos, dos máis grandes da provincia de Pontevedra, para almacenar esa mercancía que recibía cada certo tempo.

Pois ben, chama a atención que o piorno do sur, na parte baixa que fai de celeiro, as pedras que usaron para realizalo, teñen unha forma moi especial, tanto é así, que se pensa, que poden pertencer a unha construción anterior, que polas formas das pedras, debería ser algo importante.

Sen embargo o piorno do norte, como poden ver na foto, o seu celeiro ten pedras de diferentes xeitos en manpostería, que nada teñen que ver coas do outro.

Interesante botar unha ollada a este artigo da revista AUNIOS de Arturo S. Cidrás sobre a Capela de Ons:

https://viladebueu.eu/Documentos/Autores/bueu/Arturo%20Cidras/Aunio-22_17-CapelaOns-Arturo.pdf

Pénsase que anterior a esa houbo outra e ata hai a lenda dun mosteiro.

Dende hai anos, veño/imos pedindo que se investigaran esas pedras do celeiro do piorno de Canexol. Paula Ballesteros informou sobre elas, pero requiren unha investigación máis exhaustiva por parte de especialistas. Aproveitando que están os arqueólogos do GEAAT, podería ser unha idea o facer un estudo previo e que, despois dende a UVigo outros especialistas en Historia Contemporánea realizaran un traballo máis profundo sobre esas traballadas pedras, penso que daría moito de si. Espero que por parte da **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** se interesen e que non pasen 40 ou 50 anos, para que, por fin, algún equipo o investigue, como pasou co Castro e a Salga Romana.

CAMPOS DE TRABAJO-VOLUNTARIADO NA ILLA DE ONS. 2026

Podo falar dende a experiencia de ver nacer os Campamentos e os Campos de Traballo en Ons nos anos 1979-80. Tamén porque, anos máis tarde, administradores deses Campamentos e Campos, xefes de Campo, monitores,..., e persoas que daban charlas e realizaban actividades cos compoñentes destes grupos, pasaron a formar parte ou colaboraron activamente na **Asociación Cultural Pineiróns**, vinculada á Illa de Ons e da que fun socio fundador.

Como xa teño explicado neste minixornal dixital, os Campos de Traballo desapareceron de Ons hai máis de 25 anos, sen embargo, continuaron en Cíes, cousa que consideramos unha **discriminación** por parte da Dirección Xeral de Xuventude con respecto a Ons, xa que, ao ser unha illa habitada, tiña, como mínimo, as mesmas necesidades que Cíes.

Eses Campos fixeron un labor enorme en Ons, sobre todo, na década de 1980, loitando contra os incendios que asolaban a illa de punta a chicote, cousa que nunca lles agradeceron dende a administración, e non digamos en labores medioambientais ao longo e ancho do arquipélago.

Dende a saída deste minixornal, no mes de abril de 2020, levo reivindicando a volta a Ons dos Campos de Traballo, agora chamados de **Voluntariado**, que en Cíes seguiron coas mesmas quendas que nas décadas do 1980-1990 e sen embargo en Ons, supoño que por temáticas políticas, os quitaron.

Pois este ano, despois de moito reclamar, Xuventude decidiu crear un **Campo de Voluntariado en Ons**, só durante 12 días e no mes de xuño, un carameliño para que non digan..., pero, do que temos que estar agradecidos, pois, menos é nada.

Un grupo mixto de 15 voluntarios, entre 18 e 30 anos, estiveron facendo labores medioambientais baixo supervisión dos responsables do Parque, entre as que destacamos, segundo Parques: Restauración de hábitats, control de especies exóticas invasoras, recuperación de elementos etnográficos e protección da biodiversidade.

Á vez, coñeceron a comunidade auniense, mediante rutas interpretativas, charlas, visitas,..., segundo palabras da Consellería de M. Ambiente: *“Todas estas actuaciones no solo tuvieron un impacto ambiental positivo en el entorno, sino que proporcionaron también a las personas voluntarias participantes una experiencia práctica directa en gestión de la naturaleza en uno de los ecosistemas más emblemáticos y con una mayor riqueza ambiental de la Comunidad”*.

Só queda esperar que esta positiva nova experiencia sirva para que a **D.X. de Xuventude** se dea conta que Ons necesita, ao igual que Cíes, unhas quendas de Campos de Voluntariado durante todo o verán.

PARABÉNS á Dirección do Parque polo seu labor a favor de que isto ocorra para o ano.



Mozos do Campo de Voluntariado de Ons nun descanso despois de realizar labores de control de especies invasoras, e de visita ao Faro.

Fotos cedidas polo Parque Nacional.

CUIDAR EL
MEDIO AMBIENTE
DEPENDE DE TODOS

āvora

Responsabilidad ampliada
de filtros con plástico.

CINCEIROS, CONTEDORES, COLECTOR DE ACEITES..., EDUCACIÓN AMBIENTAL

Líamos hai uns días que en Cíes os visitantes ían recibir un **cinceiro portátil** para que nin unha cabicha vaia ao chan. A idea partía da asociación **Paisaje Limpio e Ávora**, iniciativa que levarán por varios Parques Nacionais.

Outra actividade que ten pendente a **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, son unhas xornadas, antes do verán, de **Educación Ambiental** en Ons como illa habitada con respecto ao lixo, ao tema do reciclaxe de aceites domésticos, uso de materiais de limpeza ecolóxicos,...

Hai un par de anos ía realizalo a empresa que se ía dedicar á recollida do lixo durante o verán, así estaba estipulado no contrato pero, moita propaganda política e nada de levalo a cabo.

Igual que o de levar o lixo para terra, na de na, ao non haber contedores, os visitantes deixan a bolsa nos bares, que son os que verdadeiramente realizan ese traballo. Necesario, **Xornadas de Educación Ambiental en Ons** Páx. 4

SARITA, OUTRA MATRIARCA AUNIENSE QUE SE NOS FOI

Foi *unha das mellores percebeiras* que naceron na Illa de Ons, nuns tempos moi complicados para a extracción dese prezado e valioso marisco, vestidas con roupa de augas e botas, xogábanse a vida para conseguir manter á súa familia. Pero *Sarita, era unha muller de Ons*, desas que sabían que a terra e o mar ían darlle sustento, aínda que o sol, a chuvia, a salitre, as ondas, os temporais,..., unhas veces xogaban a favor e outras en contra. Xunto con Manuel o seu home, souberon loitar contra todos os inconvenientes e sacaron adiante á súa familia. Hoxe as súas fillas e netas/os, expertas/os cociñeiras/os, rexentan dous dos mellores restaurantes de Bueu: “Estrella” e “Pescador”.

Unha enorme aperta a toda a familia

*“Hoxe quixera, irmá de pel curtida,
Instalarme no adentro dos teus ollos
E atesourar en min eses abrollos
Que te fixeron forte e destemida.
Hoxe quixera estar na rocha ardida,
Collida da túa man, fronte ós restrollos
Que puxeron ó mundo de xeonllos
Ante a Galicia ergueita, aunque ferida.
Sara de dignidade, percebeira,
Que parches os fillos e os criaches
Coas escumas do mar que azoutaba...
Galicia chora hoxe, compañeira,
Mais ti non vas chorar porque gañaches
Ese amanecer que outrora se albiscaba.”*

MARÍA VICTORIA
MORENO



Manuel, o home de Sarita, preparando a liña.



Con Sarita, pescando coa raña aos polbos.

Na foto de arriba, unha composición feita pola súa neta, coa foto de Anxo Cabada e o poema de María Victoria Moreno, inserida no libro MAREGRAFÍAS que Anxo publicou no 2008 en homenaxe ás percebeiras da Illa de Ons.

CONTOS DE TABERNA

Submarino turístico no Parque Nacional

Alí estaban os da partida na súa mesa e, na do lado, **Pepe e Manolo da Illa** cun debate sobre a historia de Ons daqueles anos 40 do pasado século XX. Pepe da Illa porfiaba de que a expropiación se debeu a que Franco quería instalar na Illa unha Base de Submarinos a petición dos seus aliados alemáns, e Manolo da Illa, dicía que non, que lla expropiaron á familia de Riobó porque era republicano.

Manolo da Illa argumentaba, que non había un lugar en Ons onde facer un refuxio para esas embarcacións por ningún dos seus puntos cardinais, polo que esa teoría non tiña consistencia.

Nese intre uniuse á charla o auniense **Carrillo**, apoiando a teoría de Pepe da Illa, pois el, é un experto na instalación de pantaláns (encheu Portugal deles) e razoaba que na parte leste de Ons poderían instalarse sen problema.

Para demostralo, comentou: - *Cando fun a Nerja (Malaga) vin o barco de Chanquete e estiven a piques de mercalo para facerlle a competencia ás navieiras que veñen á Illa. Ao final, non pechei a operación porque, dous amigos rusos, ou de fasquía parecida, convencéronme de que estaba á venda un submarino ruso a bo prezo, e que eles, como comandantes, non terían problema en unirse a un proxecto de **Submarino Turístico no Parque Nacional**.*

Pepe e Manolo da Illa, tomaron a Carrillo de coña, e este, teimudo como é, dixo: - *Mañá o submarino está no peirao de Ons, vou falar cos comandantes!!!* E así quedou a cousa, entre tremendas risotadas.

Pero, aí o tendes, Carrillo cumpriu a súa palabra e, na foto, podedes ollar ao submarino ruso no peirao de Ons, perfectamente abarloado, deixando espazo para os demais barcos de pasaxe.

Non sabemos se terá éxito, coidamos que si, pois ir a Ons polas profundidades mariñas contemplando os fondos, pode ser unha **aposta turística perfecta**.

O único problema ao que se enfronta **Carrillo** nestes intres é que mandou vir o submarino, pero non pediu permiso de navegación, fondeo e atraque ao Parque Nacional, co que, ao decatarse o **Director do Parque** de tal aventura e despois do cabreo que ten polas motos acuáticas que andan por Cíes, veremos a multa que lle vai caer a Carrillo. Aínda non comezou a andar o seu Proxecto e xa vai quedar arruinado.



O submarino de Carrillo atracado no peirao de Ons.



Os comandantes Susonof e Varuchenko



Radar do SIVE (Sistema Integrado de Vixilancia Exterior) instalado na Illa de Ons no ano 2012. Vemos na foto da **dereita** o momento da súa posta en funcionamento. Na foto da **esquerda** como se atopa a súa torre nestes intres, sen aparatos e nun estado bastante deplorable. Penso que a **D.X. de Patrimonio Natural** debería pedir explicacións sobre o seu estado.

PÁXINA ENOGASTRONÓMICA



Reunión de confraternidade dos membros da Asociación Cultural “PineirÓns” no Bar Pirata da Illa de Ons.



Tremenda mariscada no Acuña



Grupo de Portonovo-Arra de sobremesa na de Checho



Paellón en Cerdedo. Cociñeiros Juan Castiñeiras e Antonio



De cervexas cos bos amigos mecos: o médico Grandío e o capitán de iate Jabel. Acompañados por Lolo e Pepe.



Pinchos gratuítos
coa caña ou viño.
De esq. a derch:
-**Pepa a Loba.**
Portonovo.
-Restaurante
Cámping.
Portonovo.
-Taberna de
Cancela. Xil.
Meaño
-Taberna de
Cancela. Xil.
Meaño

OBRAS NO BARRIO DE CURRO



OBRAS NO BARRIO DE CURRO

A un ritmo algo lento, as obras do Proxecto de Acondicionamento do barrio de Curro promovidas pola Axencia de Turismo de Galicia van adiante.

Xa case rematada a nova pavimentación da zona central de Servizos de Curro, podemos ver varias das obras que están, nestes intreos levándose a cabo:

Foto arriba esquerda: A nova Caseta de Información.

Foto arriba dereita: Camiño que dende o peirao vai cara á Praia de Area dos Cans e zona de lecer.

Foto abaixo esquerda: Protección en pedra e varanda de aluminio con espazo para subida de carros de man.

Foto abaixo dereita: Rodeira de subida ao cámping. Barrio de Chan da Pólvora.



ESPEREMOS QUE EN POUCO O ARRANXEN

Recoñecer que as obras traen consigo unha problemática de material de refugallo que, loxicamente, non pode quedar nun Parque Nacional: Material de obra en Curro e terra amontoada en Chan da Pólvora.

Á vez o atallo moi transitado como o que vai de Curro ao camiño do Faro ao carón do Bar Pirata, usado por veciños e excursionistas de diferentes idades, non pode estar nun estado tan deplorable dende o inverno.

Hai que mirar de arranxalo.

FARO de ONS

*Así me atopaba eu o 4 de xullo,
día do meu centenario.
Ninguén veu visitarme,
agás un bo número de turistas,
que alleos á miña celebración,
só me observaron,
paseando polo meu redor.*